

## ENTRE A HISTORIA E A MEMORIA: A TORRE DO CASTRO

### 1. Poboamento, territorio, espazos viais e defensivos na época castrexa e romana

A zona da que estamos a falar está conformada por unha planicie de 600 m de altitude pechada e rodeada por un anfiteatro de outeiros. Ao Sur, as serras de Pena e Larouco; ao norte e oeste, A Portela, Alto de Allaríz, Penamá e Calvo. Na chaira, os montes de Baronzás e da Pena dividen a chaira en dous sectores, o septentrional (antiga Lagoa de Antela) e o meridional (nacemento do río Limia).

### O poboamento castrexo na bancada do anfiteatro: a torre encravada nun castro? (ata o 137 a.C)

A ocupación castrexa e moito máis numerosa que na etapa prehistórica e ocupa maioritariamente o segundo anfiteatro sendo minoritarios os castros no primeiro anfiteatro es os de chaira. Serán os cumes dos montes as vertentes e as pendentes as zonas eleixidas para os asentamentos poboacionais, por ser estes, enclaves privilexiados onde asentarse as estruturas defensivas.

En relación coa Torre do Castro hai que mencionar o posible *poboado castrexo no Monte do Castro*. No que respecta aos posibles vestixios dun castro onde está emplazada a torre, as aportacións arqueolóxicas son contradictorias. Según os especialistas que redactaron o PXOM do Concello de Sandiás, a adscripción cultural<sup>1</sup> do Castro corresponde a Idade do Ferro e romana e a da torre, corresponde a adscripción cultural do medievo. Neste outeiro granítico que se levanta no sector NW da depresión da Limia existiu dende o Paleolítico un poblamento continuado.

Afirman que o outeiro foi un castro da idade do Ferro directamente cun xacemento romano que se estende ó seu pé nos sectores N-E-S. A Vía Romana XVIII do Itinerario de Antonino pasaba tamén moi cerca polo W e por último, alí se construíu un castelo medieval, do que hoxe so queda a torre. Actualmente o pobo do Castro está construído na ladeira e base W o que, xunto á construción do Castelo, alterou profundamente as estruturas defensivas do castro. Sen embargo, aínda se poden apreciar as delimitacións do xacemento.

A delimitación do xacemento faise con criterios topográficos de fitos xeográficos ou artificiais, de patróns de asentamento, do estado de conservación e de valoración arqueolóxica. Delimitase como protección integral o outeiro. Arredor deste delimitase unha área de cautela arqueolóxica polos materiais paleolíticos e romanos aparecidos. A área do entorno de protección legal delimitase creando un polígono constituído o este pola autovía e ó N-W-S polas pistas rectilíneas da concentración parcelaria. Dentro da delimitación deste xacemento inclúese tamén a do GA 32077006. Hai que suliñar a valoración arqueolóxica deste xacemento con declaración xenérica de BIC e con importantes restos monumentais.

Pola contra, os datos que nos aporta o grupo de investigación arqueolóxica Marcelo Macías na ficha do Catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia<sup>2</sup> afirma que é habitual mencionar no lugar a existencia dun lugar de asentamento castrexo, do que non existe nada e igualmente tódolos restos materiais aparecidos remiten á Idade Media<sup>3</sup>, polo que pode dicirse que tal atribución só pode argumentarse pola coincidencia do topónimo con ese tipo de poboados, se ben hai que dicir que o termo *castrum* refírese a núcleos fortificados, sendo válido para diferentes cronoloxías.

### O poboamento galaico-romano das vilas: a chaira da depresión (137 a.C-Século III d.C.)

A ocupación galaico-romana fíxose máis densa na transición anfiteatro-chaira e supuxo unha nova ocupación das terras máis baixas da chaira. A maior parte delas vincúlase coa chaira da depresión e, en moita menor medida, cos relevos montañosos que circundan a chaira ou a mesma bancada do anfiteatro. Unha mostra clara de que os romanos aplicaron novas estratexias de defensa en terreos chairos próximos a redes fluviais e vías de comunicación.

<sup>1</sup> Información recollida do Catálogo do PXOM do Concello de Sandiás.

<sup>2</sup> Ficha do catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia (Fundación Pedro Barrié de la Maza)

<sup>3</sup> Nunha conversa oral mantida o 1 de setembro do 2018 co polifacético investigador da contorna, Elixio Rivas, refíreme a constancia dun recipiente romano para beber viño propiedade dun veciño da aldea do Castro. Ten o investigador unha reprodución en debuxo coas medidas precisas do obxecto no seu museo etnográfico no Santuario dos Milagros.

Ao carón da Torre do Castro, na chaira e nas inmediacións do núcleo de Sandiás<sup>4</sup>, ao NL e SL, localízanse os xacementos de *Praza das Cavadas* e *Praza dos Inxertes*. Os restos encontrados poden estar relacionados coa mansión *Géminas* que a maioría dos investigadores sitúan nesta zona<sup>5</sup> tendo en conta as reducións militares. A conquista romana da zona dátase no 137 a.C, cando Décimo Xuño Bruto atravesa o río do Esquecemento (Lethes). Na implantación romana na Limia un elemento de especial singularidade é o decurso da Vía Nova<sup>6</sup> que, pese a estar moi deteriorada, consérvase tamén en Sandiás pasando ós pés da Torre do Castro. Dita Vía cruzaba o sector NO- da Limia, de SO a NE e faíao maioritariamente polas terras de chaira preto da bancada inferior (*ima cavea*), continuando pola súa variante pola veira dereita de Aquis Querruennis e pasando por Aquis Originis ata Lucus Augusti.

A pegada romana queda tamén constatada, entre outros, no *Miliario de A Corga-Milla XX* adicado a Galerio (293-311 d.C.) o *Miliario de Zadagós - Milla LXXI* adicado ó emperador Maximino e ó seu fillo Máximo (235-238 d.C.) e os *Miliarios do Campo da Lama (Vilariño das Poldras)*. O carácter estatal do proxecto tivo unha finalidade de control político-administrativo do territorio e coa finalidade de explotación económica. O soporte topográfico de chaira fixo que a vía se construíse elevando a rasante sobre o terreo conformando un terraplén (*agger*) que conformaban os coñecidos “lombos” discontinuamente conservados, entre outros lugares, en Sandiás (*Poulas da Cavadiña-Ladeira*).

## 2. Historia e memoria da Torre do Castro

### Crise da romanidade e alto medievo das villae, mosteiros e fortalezas: da chaira ao segundo anfiteatro (Século III d.C transición-Século XI d.C).

Ao longo da Idade Media a poboación escapa das terras máis baixas (chaira) e volta a concentrarse no primeiro anfiteatro pero tamén no segundo anfiteatro. Despois dos romanos, A Limia non se foi despoboando por efecto das razzias e saqueos de suevos, visigodos e árabes. A pesares de que estes últimos chegaron a estas latitudes en varias ocasións (Abdelaziz no 716, Al-Abbas no 825 e mesmo Almanzor no 997), nin o espazo galego<sup>7</sup> nin o limiao<sup>8</sup> nestes intres se acha despoboado como viña afirmando a historiografía medievalista galega que seguía as interpretacións de C. Sánchez Albornoz e R. Menéndez Pidal que interpretaban este proceso como unha variante da repoboación leonesa e castelá. As pescudas feitas, entre outras, co *Tombo de Celanova*, permiten afirmar que en Galicia non houbo previo despoboamento que xustifique a posterior repoboación. Galicia tería ficado “a marxe do Islam”<sup>9</sup> na configuración das súas estruturas organizativas esenciais que serían froito de pervivencias de época sueva e visigoda. Como dixemos, os documentos sinalan os termos das vilas, situando gran parte delas aos pés dos antigos castros.

Esto confirma qvue deixaron de ser as unidades de hábitat básico e foron substituídas por villae extendidas por todo o val<sup>10</sup> (San Pedro de Laroá, Transmiras, Xinzo...) Os lugares habitacionais estarán ao abeiro dos enclaves montañosos que rodean a comarca pero hai excepcións en plena

<sup>4</sup> Xulio Rodríguez González e Manuel Xusto Rodríguez; O mundo castrexo e a romanización na Alta Limia: Estado actual e perspectivas en VV.AA; Patrimonio da Alta Limia, p. 67.

<sup>5</sup> Eligio Rivas Quintas; A Limia. Val de Antela, Val do Medo. A Ccoruña. Atlántico, 1985.

<sup>6</sup> Xulio Rodríguez González e Manuel Xusto Rodríguez; O mundo castrexo e a romanización na Alta Limia: Estado actual e perspectivas en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 69; Yolanda Barriocanal; As vías de comunicación e as pontes da Limia en VV.AA; Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 220-249.

Esta vía XVIII, denominada “nova” por ser construída en época flavia, enlazaba Braga con Astorga a través da actual provincia de Ourense entrando nela por Portela de Homem e saíndo por Valdeorras. Tiña dúas variantes: as vías que dende Aqueae Flavie irían ata Iria Flavia pasando pola chaira da Limia (Transmiras, Os Pardieiros, Xinzo, Vilariño das Poldras) e as vías dende Aqueae Flavie a Aquis Celenis, pasando por Ouvia, Mosteiro de Ribeira, Ganade, A Sainza, e Rairíz de Veiga.

<sup>7</sup> Ramón Villares; Historia de Galicia, Editorial Galaxia, p.87.

<sup>8</sup> Mercedes Durany Castrillo; Organización política e territorial da Limia (séculos X-XII) en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 89.

<sup>9</sup> Ramón Villares; Historia de Galicia, Editorial Galaxia, p.88.

<sup>10</sup> Mercedes Durany Castrillo; Organización política e territorial da Limia (séculos X-XII) en Xulio Rodríguez González (Ed.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, p. 89.

chaira como o xacemento altomedieval da *Touciña Nova* (Piñeira de Arcos-Sandiás)<sup>11</sup> e tamén enclaves monásticos.

Será no altomedievo, época de formación do feudalismo, cando variarán os trazados viarios, tomando relevancia novas rutas viais e espazos defensivos polo control do territorio. As vías de comunicación na Idade Media aproveitaron tramos viarios romanos e nestas vías xogaron un papel clave os mosteiros e a rede de torres e fortalezas<sup>12</sup>.

Como nos indica a historiadora Yolanda Barriocanal:

*“ (...) A fundación de mosteiros, –como os de Santa María de Ribeira, Santo Andrés de Congostro, San Pedro de Laroá, San Salvador de Sabucedo, Santa María de Porqueira e o máis recente de Trandeiras– e a rede de torres e fortalezas que forman o conxunto defensivo da Limia –torres de Sandiás, Portela, Ribeira, Porqueira e Celme–, vitais para a organización e dominio do territorio (Rodríguez, 1997: 54), tiveron necesariamente unha grande influencia na organización da rede viaria medieval da Limia. Así se comproba aínda no vello camiño que chega a Xinzo por Baronzás, Morgade e Pena, onde alza a torre da Portela ou da Pena que, xunto á de Sandiás, dominaba a lagoa de Antela. Ou o camiño que enlazando Xinzo coa ponte Liñares, cruza coa vía que toma en dirección a Portugal pola Portela do Home, onde se localizan algunhas das manifestacións máis significativas do pasado medieval da comarca, coma o mosteiro de Santa María de Ribeira, que fundado no século X pasaría a depender de Celanova, o castelo de Ribeira, vinculado á coroa, e o de Porqueira, ligado dende moi cedo ao señorío do bispo de Ourense (...)”.*

### **Etao do esplendor feudal e contexto do nacemento do reino de Portugal. (S. XII- S.XIII)**

No século XII será o fillo de Doña Urraca. Inmersos en loitas constantes, litigarán ambos pola consecución da parte meridional do reino de Galicia, que trala provisión división entre a Galicia Lucense e a Bracarense, impulsará ós nobres a apoiar a Alfonso Henríquez para tentar unirse ós seus coxéneros lucenses, ademáis do interés por acadar maior territorio.

Como consecuencia, responde á existencia do castelo de Celme por Alfonso Henríquez de Portugal, no seu afán de extender o seu señorío por Galicia e a Limia en concreto. Tamén, no contexto destas loitas tamén deberon ser erexidas as torres de Porqueira, Sandiás e Pena.

A orixe da construción da torre ven envolta en moitas lendas, incluso as que a vinculan coa figura de Bernardo de Carpio (seculo XI). Unha delas<sup>13</sup> vén xa dos tempos nos que o conde Sancho Díaz de Saldaña señor de Sandiás, tivo amores, que pagou con prisión, coa irmá do rei Alfonso II “O Casto” (séculos VIII-IX). Despois o señorío de Sandiás pasou ao poder de Fernando Santianes, Nuno Melendez e Suero Velázquez, sucesivamente. Os datos históricos din que foi levantada no século XII. Á hipótese máis extendida vincula a fortaleza coa figura de Sanctio Iohanis, a quen A. Cid Rumbado ten identificado con Sancho Eans, irmán de Fernando Eans, tenente limián á altura do 1143 (Cid, 1984: 27-28). De ser así, o castelo tería sido edificado nalgún momento de mediados do século XII<sup>14</sup>.

O Castelo de Allariz, documentado no 1122, foi o primeiro en ser construído. Durante o século XII-XIII, foi centro de operación dos delegados rexios nas terras da Limia. As fortalezas da Limia, coa excepción de Porqueira (ligada a autoridade dos bispos da igrexa auriense) integrábanse na circunscrición territorial do mesmo nome que dependía directamente da autoridade dos monarcas da Coroa de León.

Participou nunas guerras fronteirizas polo condado das terras da Limia, entre o monarca Afonso VII de Castela e León e Afonso Henriques de Portugal, o futuro Afonso I de Portugal. De xeito, foi escenario das loitas entre Afonso Henríquez de Portugal, fillo de Tereixa de Portugal (filla ilexítima de Alfonso VI) contra Afonso VII.

<sup>11</sup> Mercedes Durany Castrillo; “Organización política e territorial da Limia (séculos X-XII) en *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 90. Nota 7. Ver tamén a ficha de catalogación de este depósito na Web Patrimonio da Alta Limia.

<sup>12</sup> Yolanda Barriocanal; As vías de comunicación e as pontes da Limia. Documentación e cartografía histórica, en Xulio Rodríguez González (ED), *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, páxinas 229-249. [pdf. accessed Sep 02 2018].

<sup>13</sup> Celso Rodríguez Cao; “Espazos defensivos, Espazos viais na Limia” en Lethes, *Cadernos Culturais do Limia*. Número 10 p. 186.

<sup>14</sup> Jorge Abraham Vila Álvarez; “As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)” en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 107.

Portugal foi independente dende o *Tratado de Tui (1137)*, o que implicou a creación dun espazo de fronteira, espazo fortificado de reguengo, iniciativa dos monarcas. En 1143 o conde D. Fernando Eanes aparece como *tenente Alliaricum el totan Limian*, o que demostra que dende entón Allariz é o centro da terra da Limia. Algunhas hipótesis máis clásicas sitúan nestas datas a posible construción do castelo de Sandiás sobre o antigo castro, nunha situación estratéxica que permite o control total do territorio.

### **Crise baixomedieval (XIV-XV). Dinastía Trastámara.**

Na baixa idade media prodúcese o paso da fortaleza de reguendo a nobreza laica, especialmente debido o chamado proceso de señorialización. Destaca o protagonismo da Dinastía Trastámara na Coroa de Castela e no contexto galego, cobra importancia a familia dos Nóvoa No sur de Galicia imponse o dominio territorial e xurisdiccional do conde de Monterrei, herdeiro da Casa de Biedma<sup>15</sup>. Entre os señoríos de leigos está o da Casa de monterrey e a Casa de Lemos, outros menores (marqués de Malpica-Conde de Gondomar<sup>16</sup>, condes de Maceda), alguna orde miitar (Santiago), obispado (Bispo de Ourense) e mosteiro (Santa Clara de Allariz).

Dende finais do século XIV ata finais do século XV a violencia señorial foi a tónica común en Galicia debido a conformación de grandes señoríos que desestabilizaron a orde social en relación coa práctica do dereito e a xustiza.

Non se coñece a data de cando naceo o señorío de Sandiás pero nunca venda data en 1314 fálase da “*cabeza do Castro de Sandianes*”, o que parece dar a entender que nela aínda non se ten feito a torre, que se cita en 1347 cando Dona Maior Fernández, viúva de don Xoán Pérez de Nóvoa (fidalgos menores), a cede ás súas fillas no seu testamento, lembrando que ela a recibirá en arras do seu marido<sup>17</sup>.

Así pois, Sandiás converteuse como moi tarde en señorío dos Nóvoa nas primeiras décadas do século XIV.<sup>18</sup> A torre do Castelo de Sandiás documentase por primeira vez en 1347<sup>19</sup>, o que impide corroborar historicamente a hipótese da súa construción en torno o século XII.

No ano 1348 o castelo de Sandiás era propiedade do maior Fernández de Biedma por concesión de Enrique II, a quén había apoiado na contenda con Pedro I. No 1386, sendo os señores os Santana, sofre ataques diversos das tropas inglesas, ó fronte das que se atopa o duque de Lancaster, que a partir da súa chegada ás costas da Coruña en 1386<sup>20</sup>, reclamará a coroa de Castela e o trono do reino de Galicia. Na primavera de 1387, camiño de Benavente, ocupou os castelos da Limia. En concreto a torre de Sandiás e o castelo de Celme parece que foron tomados e arrasados polas súas tropas.<sup>21</sup> O duque de Lancaster tivo que negociar a súa saída de Galicia no Tratado de Baiona (1388), rexeitando a súa aspiración ao trono de Castela e pactando o matrimonio entre o futuro rei Enrique III e a súa filla Catallina de Lancaster. O trono castellano quedaría nas mans da Casa de Trastámara. Este cambio de dinastía orixinou un proceso de renovación nas élites nobiliarias: xunto a linaxes de gran relevancia, apareceron casas nobiliarias de segundo orde como a Casa de Lemos, os Andrade, Moscoso, Sotomayor, Ulloa, Sarmiento, Trastámara e os Pimentel que se enriqueceron coas mercedes e terras do novo rei Enrique.

<sup>15</sup> Olga Gallego Domínguez; “Os señoríos xurisdiccionais da comarca da Limia no Antigo Réxime” en *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 121.

<sup>16</sup> No que respecta ao actual Concello de Sandiás: conde de Gondomar ou Marqués de Malpica a xurisdicción de Sandiás (Santa María de Couso de Limia, Santa María Parada de Outeiro, S. Estevo de Sandiás); Condes de Maceda (Xurisdicción de S. Xoán de Piñeira de Arcos)

<sup>17</sup> María B. Vaquero Díaz; Colección diplomática do Mosteiro de San Salvador de Celanova (ss.XIII-XV). Vigo, citado en Jorge Abraham, *As torres e fortalezas*. P. 113. A familia dos Nóvoa foi favorecida pola dinastía Trastámara e conformou un importante señorío na provincia de Ourense en torno ao castelo de Maceda.

<sup>18</sup> Durany, Lethes nº 10, p.172

<sup>19</sup> Vaquero Díaz, M<sup>ª</sup>B; *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (XIII-XIV)*. A Coruña, Tórculo, 2004, doc. Nº 141; citado en Mercedes Durany Castrillo y otros; “*As terras da Limia na Idade Media*” en Lethes, nº 10 (2006) p. 162.

<sup>20</sup> O continxente estaba formado por mil quinientos homes de armas e mil quinientos arqueiros, que se unían ao resto do exército formado por portugueses e o cal se unía Xoán de Gante. RODRÍGUEZ GARCÍA, José Manuel: “Los enfrentamientos bélicos con Inglaterra y sus gentes. La visión castellana, 1250-1515”, en *MILITARIA, Revista de Cultura Militar*, n. 14, Madrid, Universidad Complutense, 2000, p. 190.

<sup>21</sup> VV.AA. Guía Monumental. Diputación Provincial de Ourense, 1986.

A historia tamén fai mención de Sandiás no contexto do cerco de Chaves en torno a 1385-1386. Indica Ribeiro de Carvalho<sup>22</sup> que, entretando, “ o rei mandou pilhar algunhas localidades de Galiza: Porqueira, Gondianes, Viana del Bollo e Alhariz, trazendo muuitos mantimentos tao neccesários porque havia míngua deles (pao, vino, castanhas, nozes, carnes, forragens). Conta tamén a crónica de Fernao Lopes<sup>23</sup> que nas sortidas “iam bem duas mil e a vezes mais azemulas”:

*“ (...) Participan no acontecemento moitos galegos por ambas partes, tanto cabaleiros como peóns, e outros cargos e oficios, entre os que aparece, en apoio dos cercados, Vasco Guomez de Seixas cavaleiro galeguo, da terra deOurense, que lovou consigo trimta lanzas e homêes de pee e consiguoo boôs besteiros, e na parte portuguesa, João Galeguo, coaudell dos homêes de pee, que mantén unha sabrosa plática, como he costume en tais luguares, con un dos galegos cercados que conocía, invitándo a desertar sen éxito. Pero neste caso descubrimos aspectos desconocidos en Melgaco, pois Ell Rey mamdava muy ameude ao forragê e entravão por Gualiza oito e dez leguoas (mais de cincuenta kilómetros) a terra de Porqueira e de Sandiães e dAlhariz e outtros lugarres daquela comarqua e boôs capitães ê gourdada das azemolas, que sempre hiaô ven duas mill e as vezes mais; e vinnhao carguadas de pão e de carnes e de castañas (e noces) e doutros mantimentos e dallgûu pouco de vihno, ca não he terra em que haj muyto. E búa vez foraô a forragen a terra de Viana de Bollo; e viudo pera ao arraial cahio tamta neve na serra desespaco, em guísa que matou muitos homes e mocos com frio. E porque o cerquo fora posto en tempo de inverno as mais das casas em que se acolhia a gente eraô ppalhacas. E semdo huûa forragê a terra dOurêse alcouse foguo no arraial...e arde graô parte delle (...).”*

En 1431 o señorío de Sandiás<sup>24</sup> pasa ao dominio dos condes de Benavente inagurando así a presenza dos Pimentel na Limia<sup>25</sup>. Alonso Pimentel, conde de Benavente, punta de lanza da nobreza castelá en Galicia, tamén vai-selo señor da vila de Allariz, preto de Sandiás<sup>26</sup>.

No 1441 o dono da fortaleza de Sandiás foi Francisco Álvarez, provisor do bispo de Ourense a quen por mandado de Xoán II, lle fora tomada en 1448 a Pedro Álvarez Osorio, señor de Lemos: “*Siendo Obispo D. diego de Rapado, su lugar teniente D. Francisco Alvarez, que desempeñaba a la vez las funciones de provisor, arcediano de Castela, vicario general y tenedor de la fortaleza-castillo de Sandianes, recibió pleito homenaje de sus escuderos Juan Pescozo, Luis Dalban, Alonso Álvarez, y de otros omes honrados y paniaguados*”.<sup>27</sup>

No 1446 Allariz, para de ser unha circunscripción reguenga a ser un señorío nobiliar cando o monarca Xoan II concédella ao conde don Alonso Pimentel, teerceiro conde de Benavente. Coas cesións de Xoan II, os Pimentel conforman un importante señorío no sur de Galicia (Allariz, Sandiás, Aguiar, Milmande, O Bolo, Bande, encomendas do Mosteiro de Ramirás e de Bande)<sup>28</sup>.

O señorío dos Pimentel non sempre estivo baixo o seu control. No 1448<sup>29</sup> Pedro Álvarez Osorio (Conde de Lemos) arrebátalle a fortaleza de Sandiás ó conde de Benavente e, por orde real de Xoán II, pasou cos estados de Maceda a éste. No ano 1451 regresa a fortaleza baixo o mandato de Álvaro Pimentel (Conde de Benavente) e tamén as vilas e castelos confiscados polo conde de Lemos, entre eles Allariz e Sandiás<sup>30</sup>. Morre Alonso Pimentel e o seu lexitimo herdeiro don Rodrigo

<sup>22</sup> Chaves Antiga; Ribeiro de Carvalho, 1929

<sup>23</sup> Crónica de D. João I, Fernão Lopez, 1944.

<sup>24</sup> Apuntes del señorío en Sección Nobleza del AHN: ES.45168.SNAHN/1.86 Señorío de Sandiás (cit. Por María Lorena Carasco Cifuentes; Los señores y la Guerra a finales de la Edad Media. La nobleza gallega en los siglos XIV y XV a través de sus conflictos, Universidad Nacional de Educación a Distancia (España). Facultad de Geografía e Historia. Departamento de Historia Medieval y Ciencias y Técnicas Historiográficas ; 2016, p.294.

<sup>25</sup> Durany, Lethes, nº 10, p. 172

<sup>26</sup> Mercedes Durany, Francisco Javier Pérez y María Beatriz Vaquero; “A terra da Limia na Idade Media” en, Lethes, nº 10, p. 172

<sup>27</sup> [http://biblioteca.galiciiana.gal/pt/consulta/resultados\\_ocr.cmd](http://biblioteca.galiciiana.gal/pt/consulta/resultados_ocr.cmd)

<sup>28</sup> Jorge Abraham Vila; “As torres e fortaleza da comarca de Limia durante a Idade Media (séculos XII a XV)” en VV.AA; Patrimonio da Alta Limia, p. 113.

<sup>29</sup> E. Pardo de Guevara y Valdés, *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, vol. II, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza (Docs. 74,75,77,78,80,84,85), citado en Jorge Abraham... p. 113; María Lorena Carrasco Cifuentes; Los señores y la guerra a finales de la Edad Media.... p. 280-281; Carta del 16 de mayo a los justicias de Allariz para que entregaran las villas de Allariz, Milmanda y Sandianes a Pedro Álvarez y carta del 17 de mayo con orden de embargo de las rentas. Cartas en ADA, Sección Lemos (cit. Por GARCÍA ORO, José: *La nobleza gallega en la Baja Edad Media...*, op. cit., p. 272)

<sup>30</sup> Jorge Abraham; *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)* ,p. 113. Uno de los hijos de Alonso de Pimentel, Juan Pimentel, apareció en Galicia siendo todavía niño por el deseo de su padre de hacerlo señor de Milmanda, Allariz, Sandianes y el Bollo, Carbaleda y la Puebla de Sanabria (Zamora) (...) (Cit. Por María Lorena ..... op.cit; p. 296. Uno de los

Alonso de Pimentel, novo conde de Benavente, acepta a vontade do seu pai e cedeu a perpetuidade ao seu irmán don Juan de Pimentel vilas e fortalezas<sup>31</sup> (1461). Deste modo, Juan Pimentel convírtese en señor de Allariz e Sandiás. Toda esta dinámica ocorre no contexto das rivalidades entre o conde de Benavente e o Conde de Lemos.

#### **a) Durante as revoltas irmandiñas (1467-1469).**

As revoltas irmandiñas producíronse no marco da guerra civil aberta na coroa de castela entre Enrique IV e o Infante Alonso. A opresión feudal, os abusos e arbitrariedades nobiliarias, provocaron dita rebelión. Nesta revolta as xentes dos pobos e das vilas (apoiados activamente por fidalgos, cabaleiros, eclesiásticos e oficiais reais) rebeláronse contra os "moitos agravios, danos e males que recibían" desde as fortalezas "refuxio de malfeitores" dos señores, cabaleiros e prelados. Para iso, organizáronse en Irmandades leais ó Rei, uníndose na primavera de 1467 nunha gran insurrección xusticeira que ía derruba-la maior parte dos castelos e torres que había en Galicia e obrigar a parte da nobreza a fuxir cara a Portugal ou Castela (a primeira fortaleza derrubada foi a de Castelo Ramiro, preto de Ourense, da que se teñen novas que foi derrocada o 25 de abril de 1467).

Con motivo das revoltas irmandiñas, a torre de Sandiás é destruída xunto con máis de cento setenta torres. A nobreza desta época pacta coa monarquía para derrocar a Fonseca e ós irmandiños recibindo como premio títulos condaís, co predominio da familia Monterrey a partir de agora.

Non se coñece exactamente como puido afecta-la revolución Irmandiña á torre do castro (momento en que estaban a asedir o castelo de Allariz), aínda que é considerado que chegou a ser derribada en 1467 por Alonso de Paredes, seguindo as afirmacións do Licenciado Molina. O cargo do castelo (tenente castellum), figura Gutierre González (Cid, 1984 p. 117-118). Previamente fora arrebatado a Juan Pimentel por Galaor Osorio<sup>32</sup>. A partir de este momento non se sabe si foi reconstruída, ou non, posto que algún historiador indica que endexamáis se reconstruíu, mentres que a maioría deles opinan que foi reconstruída polos Pimentel despois de 1469.

#### **b) Despois das revoltas irmandiñas (1478-1485).**

O poder señorial foi restaurado e no 1470 Henrique IV restituiu as posesións do Val do Lmia aos seus lexítimos posuidores (conde de Ribadavia, Monterrei e Benavente) e a súa reconstrucción parece que foi efectiva nos anos seguintes aunque se descoñece quen es foron os autores da mesma. De feito, E. Cooper sinala indica que o castelo de Sandiás presenta na actualidade as mesmas características da cantería, matabancas e seterías de século XV<sup>33</sup>. En 1472 houbo un convenio entre Pedro Álvarez Osorio e Rodrigo Alonso Pimentel que puña fin as disputas e acordaba restituír a Juan Pimentel "a fortaleza e villa de Allariz con sus torres... e Sandianes con su jurisdicción... (...)"<sup>34</sup>.

---

hijos de Alonso de Pimentel, Juan Pimentel, apareció en Galicia siendo todavía niño por el deseo de su padre de hacerlo señor de Milmanda, Allariz, Sandianes y El Bollo, Carbaleda y la Puebla de Sanabria (Zamora), todos estos lugares con su tierra y las encomiendas y los Barrios de Salas, que pertenecían al obispado de Astorga, además de 200.000 maravedíes de renta anual.

<sup>31</sup> Jorge Abraham; *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*, p. 114. De García extrae a cita: "Milmanda e su tierra, Allariz e su tierra, Sandianes e su tierra e el Bollo e su tierra,, que son en el regno de Galicia".

<sup>32</sup> Jorge Abraham, *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*, p. 114.

<sup>33</sup> Jorge Abraham Vila Álvarez; "As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)" en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 115.

<sup>34</sup> Jorge Abraham, *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*, p. 114.

Posteriormente, chegou a ser reconstruída e algúns historiadadores chegan a opinar que no contexto das loitas sucesorias (1474-1479) entre a filla de Henrique IV e a súa irmá Isabel. Pedro Álvarez de Soutomaior apoia a Doña Xoana Beltranexa mentres que o conde de Benavente apoia a que será coñecida como Isabel, A Católica. Sitio do Castelo por Pedro Álvarez de Soutomaior, conde de Camiña e apodado Pedro Madruga. Algúns historiadadores afirman que o castelo foi desmouchado neste sitio.

En torno a 1487 presentáronse varios memoriais de agravios contra Juan Pimentel (vecinos da Vila de Allariz, Sande, Aguiar...) o que le valeu o desterró e a ocpación das posesións por dorde do gobernador López de Aro<sup>35</sup>. A pesar destas medidas o Castelo de Sandiás, entre outros, non foi derrubado porque a altura de 1494 estaba en posesión de Garcia de Sarmiento en calidade alcalde polo rei e raiña, véndose Juan Pimentel humillado e obrigado a renderlle preito e homenaxe para poder entrar na vida de Allariz<sup>36</sup>.

### **As reformas dos reis católicos e o tránsito a Idade Moderna (séculos XV-XVIII)**

A instauración da Santa Irmandade supuxo unha nova campaña de demolición de novas fortalezas (corenta e cinco fortalezas segundo Hillgart, 1984:25)<sup>37</sup> que parece non ter afectado o val da Limia. A partires de 1483 cando desaparece Mariscal de Cela é cando morre Pedro Madruga, a nobreza laica abandoa as súas fortalezas e castelos “roqueros” que os Reis Católicos permiten desmouchar para dar cabo a empresa irmandiña. Así o manda facer unha provisión (1480) dos reis dirixida ao seu representante en Galicia, don Fernando de Acuña (Villares: 168)<sup>38</sup>. Pode que esta previsión sexa o contexto do memorial presentado en 1486 polos procuradores en cortes de Ourense no que se solicitaba a destrucción de determinadas fortalezas, entre as que se incluía, entre outras (...) o Castelo de Sandiás<sup>39</sup>: “*muchos males e dapnos e muertes e prisiones e rescates e otras muchas cosas contra razón e justicia*”. A petición foi desestimada e os derrocamentos nunca chegaron a ser efectivos.

O derradeiro intento por parte de D. Juan de Pimentel para recuperar os seus dominios consistiu na constitución, con permiso real, dun morgado para que no futuro o seu fillo don Alonso Pimentel se convertese novamente en señor de Allariz, Aguiar, Sandiás, Milmanda e o Bolo. A morte prematura deste, frustou os seus plans aos que renunciaba nunha escritura asinada en 1501. O seu patrimonio foi transmitido en 1509 por dona Juana de Castro, viúva de Juan de Pimentel, a súa filla dona Maria de Pimentel, condesa de Ribadavia que foi declarada herdeira universal o que provocará nun futuro que continuén os preitos entre a casa de Benavente e a casa de Ribadavia<sup>40</sup>. O citado preito terá lugar en 1538-39. Preito entre a casa de Benavente e casa de Ribadavia polo patrimonio de Juan Pimentel. O preito enfronta a don Alonso Pimentel, II conde-duque de Benavente, e os seus fillos, con dona María Sarmiento Castro, Condesa de Ribadavia, pola propiedade das vilas de Milmanda, Allariz, O Bolo, Sandiás e Carballeda (AHN, Sección Nobleza, Osuna, CP. 47, doc.7).<sup>41</sup> O preito non parece prosperar. A instancia de Francisco de los Cobos, secretario de Carlos V, consigue licencia real para acometer a fundación do maiorazgo de Ribadavia no que establecer a orde sucesoria ao fronte do condado. Condado cuxos desexos de ampliación se viron truncados ao non prosperar a demanda interposta contra Alonso Pimentel, conde de Benavente, polas vilas de Allariz y O Bolo, o coto de Sandiás e as terras de Aguiar e Carballeda.

<sup>35</sup> AGS,RGS,LEG,149006,96: Carta para que Diego López de Haro, gobernador de Galicia, proceda contra os que alborotan a los vasallos de Juan Pimentel, de la villa de Allariz (citado por María Lorena ...p. 298.

<sup>36</sup> Jorge Abraham. *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)* p. 115. AHN, OSUNA,C.516,D.36: Pleito homenaje prestado por García Sarmiento, teniente de la fortaleza de Allariz, a Juan Pimentel dispuesto por cédula real de Isabel y Fernando II, en 1494. Del 29 de enero de 1495 (Citado por Maria Lorena ...p. 299.

<sup>37</sup> Citado en Jorge Abraham Vila Álvarez; “*As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*” en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 115.

<sup>38</sup> Ramón Villares, *Historia de Galicia*, Editorial Galaxia, 2016

<sup>39</sup> Jorge Abraham; *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)* p. 115.

<sup>40</sup> Citado en Jorge Abraham Vila Álvarez; “*As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*” en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013, p. 45. Indica que o preito ten lugar en 1539 entre D. Alonso Pimentel con Dona María Sarmiento Castro, condesa de Ribadavia.

<sup>41</sup> Jorge Abraham; *As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)*, p. 116.

A Chancillería de Valladolid ratificábase na súa pertenza a Benavente, impondo perpetuo silencio a María Sarmiento Castro e o seu esposo<sup>42</sup>.

No 1550 publícase o libro *Descripción del Reyno de Galicia* do Licenciado Molina. Nel faise mención da fortaleza de Sandiás como unha das derrubadas polos irmandiños. No 1603 é señor de Sandiás, D. Pedro Pimentel, marqués de Viana.

O longo dos séculos XVII e XVIII pasou por diferentes mans: Maceda, Benavente e Monterrei. Volve a recuperar o seu protagonismo nas guerras hispano-portuguesas: a de separación no ano 1641 e a de sucesión no ano 1701. Foi un importante posto militar no sistema defensivo da fronteira con Portugal. Pódese destacar no 1667 o combate contra continxentes portugueses entre Bande e Sandiás na guerra hispano-lusitana (1640-1668). No século XVII a torre e a súa xurisdicción pasan a formar parte da Casa de Santana, gracias ós servizos prestados por esta familia ó rei español na súa guerra contra Portugal.

No século XVIII, no contexto da Guerra de Sucesión Española (1704-17015), os *Sandianes*, da alta nobreza límica, están moi asociados á Corte, e de novo a Torre do Castro serve para concentrar tropas para a súa distribución a diferentes puntos da fronteira, no marco da guerra lusitana. Concretamente, no 1710 o capitán xeral de Galicia, o marqués de Risbourg, establécese nas cercanías da torre do Castro, actuando esta como punto de concentración de tropas para a o seu posterior reparto por varios puntos da fronteira durante o episodio da Guerra de Sucesión Española. Entre 1751-1755 desenvólvese a viaxe do ilustrado Joseph Cornide (1734-1803). De Camiño a Madrid, este ilustrado coruñés recolleu nun libro publicado en 1767 as impresións da súa viaxe. Nel menciona a torre de Sandiás:

*“... Deixamos nun penedo á esquerda unha torre xa derrotada que hoxe da Excm. Casa de Malpica e que foi fundación de Sancho Díaz ou Sandiás, segundo Pellicer”. (...) “Este país é moi fecundo en antigüidades, polo que é digno de ser visitado con máis coidado do que poñen os camiñantes, pois servirían para ilustrar a historia de Galicia, chea de ambigüidades e fábulas”.*

*En 1754 frei Martín Sarmiento leva a cabo a segunda viaxe entre Madrid a Galicia. No seu diario de viaxe fai mención da torre de Sandiás.*

*“ (...) Hoxe 31 de outubro de 1754. Saín de Ribeira a Lamas (Santa María). Río de Xinzo. Xinzo queda á dereita. Nace na serra do Arouco (cerca de Portugal, distante de Xinzo 3 ou 4 leguas). Ponte das Poldras. Río Limia. Á esquerda Telleiro e Santa María de Couso. A torre de Sandiás, e fregresía. A torre á dereita. Piñeira de Arcos, fregresía, dita Zadagós. Ermida de San Marcos. Dende este alto sobre a dita ermida vese casi toda A Limia. Costa de San Marcos moi longa e penosa que baixa a Allariz (...)”.*

No 1766 o señorío de Sandiás e a torre do Castro pertencen o marqués de Malpica, conde de Gondomar.

#### **FONTES:**

- Mercedes Durany Castrillo y otros; *“As terras da Limia na Idade Media”* en Lethes, nº 10 (2006).
- Olga Gallego Domínguez; “Os señoríos xurisdiccionais da comarca da Limia no Antigo Réxime” en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013.
- Olga Gallego Domínguez; “Os señoríos xurisdiccionais da comarca da Limia no Antigo Réxime” en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013.
- María Carrasco y Cifuentes; *Los señores y la guerra a finales de la Edad Media. La nobleza gallega de los siglos XIV y XV a través de sus conflictos*, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2016.

<sup>42</sup> <http://dbe.rah.es/biografias/59772/maria-sarmiento-de-castro> (Consultado o 31 de Decembro de 2018).



- Mercedes Durany Castrillo; "Organización política e territorial da Limia (séculos X-XII) en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013.
- Jorge Abraham Vila Álvarez; "As torres e fortalezas da comarca da Limia durante a Idade Media (séculos XII-XV)" en Xulio Rodríguez González (ED.); *Patrimonio cultural da Alta Llimia. Discurso Histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, 2013.
- José García Oro; *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, Bibliófilos gallegos, 1981.
- (PDF) *As vías de comunicación e as pontes da Limia. Documentación e cartografía histórica..* Available from: [https://www.researchgate.net/publication/322500168\\_As\\_vias\\_de\\_comunicacion\\_e\\_as\\_pontes\\_da\\_Limia\\_Documentacion\\_e\\_cartografia\\_historica](https://www.researchgate.net/publication/322500168_As_vias_de_comunicacion_e_as_pontes_da_Limia_Documentacion_e_cartografia_historica) [accessed Sep 01 2018]

#### LIGAZÓNS:

Páxina web Torre do Castro

<https://pineira-de-arcos3.webnode.es/>

#### DESCRIPCIÓN DA ARQUITECTURA MILITAR DA TORRE DO CASTRO<sup>43</sup>.

O término "torre" comprende diversas tipoloxías. Hai "torre señoriais" caracterizadas pola función económica e administrativa (recadación de impostos, control de camiños, de posesión, eetc), é decir, con carácter máis civil ca militar. E hai "torre de homenaxe". O seu fin principal é militar, para defender unha determinada zona.

Dende un punto de vista cronolóxico as torres de homenaxe son anteriores as señoriais, aínda que cabe a posibilidade de remodelación (unha torre de homenaxe se transforme nunha señorial). As principais características que presenta son a situación elevada e máis afastada do núcleo poblacional.

A pesares de que hai autores (Vicetto) que opinaban que Celme, Sandiás, Porqueira e Pena, formaban un cadro defensivo do Val da Limia, outros autores diverxen desta teoría. Hai quen pensa que había máis torres pero que non nos deixaron vestixios materiais. Sin embargo, as fontes documentais, arqueolóxicas e cronísticas ponas de manifesto. E a función defensiva non está tan clara en todas elas. O castelo de Sandiás pode catalogarse no prototipo de castelo en roquedo, de carácter eminentemente defensivo.

Situada a 42° 07' 30" latitude Norte e 7° 44' 44" lonxitude oeste, entre 632-682 m de altitude, no lugar do castro, no municipio de Sandiás.

A Torre de Sandiás é coñecida localmente como "Torre do Castro" ou "Torre das Pegas". atópase aillada no medio do monte pero na época da súa construción estaría ós pés da lagoa. Está situada xusto encima dun castro do que se pode apreciar a muralla.

<sup>43</sup> Seguimos as aportacións de Celso Rodríguez Cao; "Espazos defensivos. Espazos viais na Limia" en *Lethes. Cadernos Culturais do Limia*. Número 10; Mercedes Barroso, María Antonia Calvo, Ana García e Eva Tobal "As Torres do Val do Limia" en *VIII Xornadas de Historia de Galicia*, 1995, páxinas 47-69. Citar tamén as aportacións de Cao na lagoa asolagada e as descripcions de abrahm e cuper en Patrimonio de Barrie de la Maza. E Ficha do catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia (Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Hoxe en día, consérvase, en estado de ruina consolidada parte da torre do homenaxe aínda que debeu contar cun recinto cercado similar ó da cercana torre da Pena, tal e como deixan ver os restos de muretes con pequenos fosos e as marcas deixadas na rocha para ser asento de perpiaños, que nalgún caso deixan ver a pranta dun cubo circular.

Da torre só se conservan dous muros cas súas esquinas. Consérvanse en bo estado os seus grosos muros norte e leste, e parcialmente o do sur. Non se conservan os derrubios da torre porque foron reaproveitados para as casas circundantes. O feito de ter roto o parámetro permite ver o recheo interior, feito a base de cal e grandes perpiaños irregulares.

As características arquitectónicas delatan o seu fin defensivo (ventanas saeteiras con forte abocinamento, escasez de vanos, porta elevada).

Trátase dun edificio de planta cuadrangular con unha cimentación adaptada ó afloramento na roca madre granítica dos penedos, polo que dispuxo do material granítico preciso para a súa construción. O principal inconveniente que teñen estas torres de planta cuadrangular estriba na existencia de ángulos mortos e na menor capacidade de resistir que teñen os muros ante un posible ataque. Ten 11.75 m. de lado no exterior e 4.44 m, interior, unha diferenza enorme causada polos seus muros, que acadan unha anchura de 3.80 m. A súa altura aproximada é de 17.20 m con ausencia de almenado en voladizo e está organizada en terraza superior, tres pisos con entrada e soto.

A conservación de determinados elementos da súa arquitectura, permite reconstruír (axonometría) a súa distribución interna. Dende o primeiro piso que estaría a 5 m do chan accedíase tanto o piso inferior como ós superiores por medio de escaleiras de madeira que actualmente non se conservan. Debido á disposición das ménsulas hai que pensar que os pisos eran planos e de madeira. O acceso a terraza superior faíno mediante unha escaleira interior practicamente no muro. A comunicación da torre co interior ou exterior realízase á altura do primeiro piso a través dunha porta con arco de medio punto que debía cobixar un tímpano, da que só queda parte.

A súa técnica constructiva corresponde a perpiaños grosos e irregulares de pedra ben cortada colocados a corda e tizón e fiadas regulares cun recho interior de grandes mamostos aglutinados por argamasa. Ditos perpiaños mostran marcas de canteiro. Outros elementos característicos da torre son as ventás de tipoloxía de aspileira vertical; son poucas as que se conservan e abocinadas con moito derrame. Consérvanse ménsulas agrupadas de tres en tres, posiblemente para engadir barbacana. Resulta sorprendente o modo en que romperon os muros tendo en conta o seu grosor. Nas súas proximidades consérvase a existencia dun anepígrafe descrito por Rivas<sup>44</sup>:

*“... Tambor de unos 45 cm de altura. Formando esquinal en una de las típicas palleias de bloques..., en O Castro, en la falda del montículo de la Torre de Sandiás... por su diámetro, desgaste y... pudiera tratarse de uno de los hitos viarios” (Rivas, en Alvarado et alii, La vía... I, 102).*

A torre remátase con modillóns en cuarto bocel. Non hai constancia de cando perdeu os parámetros que lle faltan, aínda que é posible que non se debese a un proceso violento, senón a simple depredación do seu material para a construción doutras edificacións cercanas.

Na parte baixa da torre, xunto ás casas, existen dous pozos, un construído hai uns 50 anos por un dos veciños das casas inmediatas, con peitorial e outro moito máis antigo e de maior tamaño, actualmente tapado do cual se extraíron numerosos recipientes cerámicos medievais.

Actualmente están localizados no Museo Arqueolóxico Provincial dous obxectos cerámicos, unha xarra e un xerro.

Denominada como “Fortaleza de Sandiás”, “Torre do Castro” ou “Castelo de Sandiás” está catalogada como BIC (Bens de Interese Cultural) e clasificada como Monumento polo Decreto do 22 de Abril de 1949 do Ministerio de Educación Nacional. O seu nivel de protección arqueolóxica é integral.

---

<sup>44</sup> Antonio Rodríguez Colmenero, Santiago Ferrer Sierra, Rubén D. Álvarez Asorey; *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico* (conventos bracarense, lucense e asturicense), Consello da Cultura Galega, 2004, p. 549.

A cesión da Torre do Castro por parte do Estado publicase na Resolución do 19 de Xaneiro de 2010 da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado. Nela consta o listado das cesións gratuitas acordadas durante o período do 1 de Xulio ao 31 de Decembro de 2009: “ (...) 3) *Torre Sandiás, sita en el término municipal de Sandiás, con destino a restauración, conservación y visitas culturales (...)* Orden Ministerial: 31 de julio de 2009”.

#### FONTES:

- Información recollida do Catálogo do PXOM do Concello de Sandiás.
- Ficha do catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia (Fundación Pedro Barrié de la Maza)
- Celso Rodríguez Cao; “Espazos defensivos. Espazos viais na Limia” en Lethes. Cadernos Culturais do Limia. Número 10;
- Yolanda Barriocanal; As vías de comunicación e as pontes da Limia, en Xulo Rodríguez González (ED), *Patrimonio cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio*, Fundación Barrié, páxinas 229-249.
- Eligio Rivas Quintas; A Limia. Val de Antela, Val do Medo. A Coruña. Atlántico, 1985

#### A RUTA DAS TORRES DA LIMIA

Unha das grandes carencias do patrimonio cultural limiao é a falla dunha boa sinalización turística. Ata fai pouco tempo non existía ningún tipo de sinalización turística nalgúns recursos, de tanto interese na Limia, como son as Torres da Limia. Trátase dun sistema defensivo formado por torres medievais das que na actualidade só quedan en pé tres delas (Forxa, A Pena e O Castro), despois da desaparecida de Celme, entre outras.

Unha das últimas actuacións contempladas no proxectos *ARRAIANO*, *DELORUR* e *TERRAS DO AVIA*, realizados no último trimestre do ano 2012, consistiron en plans de sinalización turística e de seguridade viaria destas zonas. Destacan, polo seu volume, o Proxecto de sinalización turística e de seguridade viaria das comarcas do Carballiño e O Ribeiro (*TERRAS DO AVIA*), que ascendeu a un total de 205.284,05 euros, mentres que no caso das comarcas de Valdeorras e Viana (*DELORUR*), o total destas dúas actuacións ascendeu a un total 173.629,04 euros.

No caso do *Proxecto ARAIANO* (comarcas da Limia e Monterrei), o importe foi moito menor, case 12.000 euros, consistindo este proxecto na instalación de paneis explicativos e sinais indicadoras das 3 torres medievais: *Forxa (Porqueira)*, *A Pena (Xinzo de Limia)* e *O Castro (Sandiás)*. que rodeaban a antiga Lagoa de Antela. Desde principios de ano 2012, a comarca da Limia conta con sinalización das súas torres.

As principais características desta sinalización son a instalación de tres paneis informativos da Ruta das Torres da Limia, así como varios sinais direccionais para facilitar aos visitantes o acceso ás torres. Os paneis informativos inclúen información histórica realizada por profesionais, en galego e castelán, de cada fortaleza, e contan cun material gráfico variado (imaxes da disposición das torres ao redor da Lagoa de Antela, reconstrución hipotética do caso da torre do Castro en Sandiás, perspectiva axonométrica, áreas de intervisibilidade das torres, etc). A Torre da Forxa (Porqueira) é a mellor conservada das tres pois mantén en pé toda a súa estrutura. Da Torre de Celme, enclavada nun montículo próximo a Rairiz de Veiga non quedan nin as ruínas. A de Sandiás e a de A Pena seguen a gardar o que queda da antiga Lagoa de Antela, hoxe desecada e parcelada.

A continuación, aparecen reproducidos os paneis explicativos das tres torres da Limia: O Castro (Sandiás), A Pena (Xinzo de Limia) e A Forxa (Porqueira).

#### FONTES:

[https://www.facebook.com/permalink.php?story\\_fbid=1122922024388488&id=455790844434946](https://www.facebook.com/permalink.php?story_fbid=1122922024388488&id=455790844434946)  
(Negociado de planificación. Deputación de Ourense).





**RUTA DAS TORRES DA LIMIA**

LUGAR PARROQUIA CONCELLO IGA. A. L. P. N. A. A TORRE PORQUEIRA PORQUEIRA SANDIÁS (2008 21) 480 m



### Torre de Porqueira

A torre levántase sobre unha plataforma, que noutros tempos estivo fortificada, situada na vertente oriental do val do río Limia.

Este edificio serviu de residencia temporal ao rei de Galicia D. Garcia, e no século XIII foi cedida á Abade de Ourense por privilexio de D. Fernán Núñez o 29 de decembro de 1127.

Desde lugar tamén existiu un convento de Xerónimos, sendo o seu primeiro prior Xordán, que se titulaba abade de San Lourenzo e señor de Oñín e Castelleas.

A torre, defendida por muralla e fosos, é de planta cuadrangular. O seu interior está distribuído en catro andares, restaurados hai varios anos, que presentan modificacións de accesibilidade entre eles en relación ao modelo orixinal.

O acceso ao seu interior é por unha porta, de arco axial con ménsulas decoradas, situada no primeiro andar. A cuberta, actualmente reformada e modificada, complétase con modillóns con roscas.




**Intervisibilidade**

La torre se levanta sobre una plataforma, que en otros tiempos estuvo fortificada, situada en la vertiente oriental del valle del río Limia.

Este edificio sirvió de residencia temporal al rey de Galicia D. Garcia, y en el siglo XIII fue cedida a la Abadía de Ourense por privilegio de D. Fernán Núñez el 29 de diciembre de 1127.

En este lugar también existió un convento de Jerónimos, siendo su primer prior Jordán, que titulaba abad de San Lorenzo y señor de Oñín y Castelleas.

La torre, defendida por muralla y fosos, es de planta cuadrangular. Su interior está distribuido en cuatro plantas, restauradas hace varios años que presentan modificaciones de accesibilidad entre ellas en relación al modelo original.

El acceso a su interior es por una puerta, de arco axial con ménsulas decoradas situada en el primer piso. La cubierta, actualmente reformada y modificada, se completa con modillones con roscas.



Logos: European Union, Galicia, Concello de Sandiás, Turismo de Galicia, Xunta de Galicia.





**RUTA DAS TORRES DA LIMIA**

LUGAR PARROQUIA CONCELLO DE SANDIÁS

A PENHA UNHA PRIMEIRA DA PENHA ANTO DE SAN MATEUS ENTRE OS 700 m

### Torre da Pena

As primeiras referencias históricas falan nos de que podo ser levantada por Ray Díaz de Biedma a mediados do século XIV. Por herdanza dos Biedma pasaría á casa de Monterrei e posteriormente por preito entre a casa de Monterrei e a de Lemos, pasaría a esta última.

Rinde que o seu orixe foi seorial, desenvolveu papéis importantes como posto militar e de defensa estratéxica da fronteira portuguesa.

A torre está rodeada dunha muralla de planta oblonga que alberga no seu interior a torre do homenaje e outras edificacións.

Interesabilidade

Las primeras referencias históricas nos hablan de que podo ser levantada por Ray Díaz de Biedma a mediados del siglo XIV. Por herencia de los Biedma pasaría a la casa de Monterrei y posteriormente, por preito, entre la casa de Monterrei y la de Lemos, pasaría a esta última.

Ranque no orixe foi seorial, desenvolveu papéis importantes como puzato militar y de defensa estratéxica de la fronteira portuguesa.

La torre está rodeada de una muralla de planta oblonga que alberga en su interior la torre del homenaje y otras edificacións.

O interior da torre está configurado en tres andares cubertos con bóvedas de colón que alternativamente van cubrindo os pisos.

No primeiro andar onde se sitúa a entrada a bóveda é moi alta para permitir un piso de madeira intermedio cuxa funcionalidade sería doméstica.

O interior de la torre está configurado en tres plantas cubiertas con bóvedas de colón que alternativamente van cubriendo los pisos.

En la primera planta en donde se sitúa la entrada la bóveda es muy alta, para permitir un piso de madera intermedio, cuya funcionalidad sería doméstica.



## LENDAS SOBRE A TORRE DO CASTRO

### *A construción do castelo de Sandiás*

Atravesad'a carretera seguindo a mesma direución alcóntrase a unhos 500 metros d'ela un pequeno pobo da parróquea (Santana) y'a pequena distancia empez'a levantars'o «monte da Torre» e por il extendido por'o S. W. está o pobo do Castro no alto do monte hai un castillo, o do Castro (antiquísimo castillo de Sandiás) o que lle falta, unha arista (esquina). «Foi feito, según boca dos vellos, por'os mouros cand'ó de Pena que está de frente a unhos 7 Km. pouco máis ou menos o Sur do d'eiquí, meténdose por'o tanto a Veiga (Laguna Antela) no medio. Fixeron por debaixo da terra unha carretera desd'unh'otra torre e por éla andan os mouros d'un lado pra outro. Cand'os fixeron, os ferreiros de Pena e máis o de Castro, pr'apuntar os picos non tiñan máis que un (martillo) martelo pr'os dous e arreglábanse con él tirándoyo desd'unha a outra cando lles faguía falta».

*SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, nº 90 ( Xunio,1931), páx: 109-114*

### **A traizón da torre de Sandiás**

“Hai moito tempo un exército de homes vidos de lonxe arrodaron a Torre do Castro, pero os que alí vivían defendéronse valentemente do ataque, e non a deron tomado (os seus muros aínda hoxe impresionan). Pero unha noite, un criado abriulles a porta ás agachadas, e eles entraron e pasaron a coitelo a todos os habitantes da torre, non tendo piedade con ninguén, para logo plantarlle lume e botala embaixo”.

Non hai moito tempo lin nun libro de historia no que aparecia reseñado este relato; o exército eran o dos Irmandiños. O meu veciño dubido moito que lera este libro, mais as lendas moitas veces téñenvos unha base real.

*"... Os sitiadores, axudados pola traizón dun criado, entraron unha noite pola portela, mataron ós defensores, e puxeronlle lume á torre, onde pereceron os familiares, derruiron a fortaleza, e voltaron a reforza-lo cerco de Allariz”.*

*Historia de Allariz, Vila y Corte Románica” A. Cid Rumbao. Dep. Prov. Ourense (1984). Tomado de <https://galiciaencantada.com/>*

### **O tesouro do pozo do castelo de Sandiás**

«Dentro d'o castillo hay un pozo con varios metros d'auga, moi oscuro, e por il ten entrada, e debaixo hay un salón con moito ouro. Pra desencantalo, hay que levar un hovo d'unha pita negra, y'a pita; ésta sóltase no salón, y'o hovo estréllase na frente a un xigante qu'está dentro c'unha machada levantada pra matar o que vaya se non se lle da co hovo...»

*SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós, número 93, xuño-setembro, 1931.*

### **Dona Inés de Castro e o Castelo de Sandiás**

Las leyendas mencionan a doña Inés de Castro como originaria de esta zona, a pesar de ser hija natural de don Fernán Ruiz de Castro, señor de Lemos hacia 1332. Esta noble entró en Portugal formando parte del séquito de doña Constanza, que se dirigía a Lisboa para contraer matrimonio con el infante portugués don Pedro. Pero el infante se enamora de doña Inés, con quien empieza una relación que terminará con el asesinato de ella, a manos de los consejeros del monarca luso Alfonso IV, causado por motivos políticos, ya que los hermanos de doña Inés habían conseguido del infante un gran número de posesiones y no se deseaba que una Castro, además bastarda, fuese reina de Portugal.

Fonte: [https://www.researchgate.net/profile/Jesus\\_Simal-Lozano/publication/313999642\\_8-Dibujos\\_a\\_plumilla\\_de\\_Castillos\\_Torres\\_Murallasde\\_Galicia/links/58b136c592851cf7ae8bc6cd/8-Dibujos-a-plumilla-de-Castillos-Torres-Murallasde-Galicia.pdf](https://www.researchgate.net/profile/Jesus_Simal-Lozano/publication/313999642_8-Dibujos_a_plumilla_de_Castillos_Torres_Murallasde_Galicia/links/58b136c592851cf7ae8bc6cd/8-Dibujos-a-plumilla-de-Castillos-Torres-Murallasde-Galicia.pdf)